

# Beléns / Belenes / Nativity Scenes

## NADAL 2021

### **BELÉN DE SAN FIZ DE SOLOVIO – 3 dec a 5 xan**

Preto de 500 figuras, pezas móbiles, río con auga corrente, ciclo día/noite e efectos especiais.

**Abre:** 3 ao 22 de decembro, de luns a venres: 11 a 14 e 16 a 19h. / Sábados, domingos, pontes, festivos e vacacións escolares de **Nadal:** 11 a 14 e 16 a 21h. / Celebracións especiais: 24 e 31 decembro: 11 a 14 e 16 a 19h. 25 decembro e 1 xaneiro: 17 a 21h.

Excepcións por ensaio dos Coros da Catedral\*: martes 7 e martes 4 xaneiro: peche ás 20.30 hrs. II martes 28 e mércores 29, peche ás 19 h.

### **BELÉN FAMILIAR DE CONXO – 3 dec a 9 xan**

Máis de 45 m3 de montaxe, máis de 1000 figuras (101 móbiles), 200 pezas decorativas, casi 2000 puntos de luz, 37 m de murallas almenadas, 38 escenas bíblicas, 9 bombas de auga, etc.

**Lugar:** Ruela de Torrente, 6-8 – Conxo

**Abre:** luns a sábado: 17 a 20h. Domingos e festivos: 11 a 13 e 17 a 20h.

Aforo máx 8 persoas dun mesmo grupo familiar ou colectivo.

### **BELÉN SURREALISTA DA FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL – 14 dec a 8 xan**

Belén artístico cunha perspectiva diferente, surrealista e multicultural.

**Lugar:** Pazo de Bendaña. Praza do Toural

**Abre:** martes a venres: 11 a 14 e 16 a 20h. Sábados: 11 a 14h. Luns, domingos e festivos e 24 e 31 de decembro: pechado.

### **NACEMENTO DA COLEXIATA DE SAR – 12 dec a 7 xan**

Exhibición de escenas tradicionais que conta con máis de 30 anos de historia.

**Lugar:** Claustro da Colexiata de Sar

**Abre:** No horario de apertura do museo. De martes a sábado de 10 a 14 h.

### **BELÉN NA IGREXA DE SAN MARTIÑO PINARIO - 6 dec a 16 xan**

Belén monumental traído de Oviedo, de gran valor artístico e que este ano ten inspiración mariñeira. Ademais, 3 de xaneiro ás 17:00h: festa de Reis, con recital de panxoliñas, chocolatada e visita dos Reis Magos.

**Abre:** en horario do museo, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. (suxeito ao culto na igrexa).

**Entrada:** de mércores a luns, só para visitantes da igrexa e o museo: entrada xeral 4,50€ / estudantes, peregrinos, parados, grupos (>14), >65 anos: 3,50€ / menores 13 anos: gratis.

Martes: entrada gratis. Todos os públicos.

### **O NADAL DE PLAYMOBIL – 7 dec a 14 xan**

Divido en 4 escenarios: 1. Belén (8m2, 3000 pezas, 350 figuras), 2. Aldea de Nadal, 3. Chegada dos Reis e 4. Nadal no zoo. En total suman máis de 10.000 pezas achegadas polos membros da Asociación Española de Coleccionistas de Playmobil - AESCLICK. Os donativos destínanse á entrega de xoguetes aos pequenos/as máis desfavorecidos e ao Albergue de persoas sen fogar Xoán XXIII.

**Lugar:** Centro Comercial Área Central.

### **IGREXA DE SAN CAETANO – 22 dec a 7 xan**

Con figuras de todo o mundo, especialmente de América (Brasil, Arxentina, México...) e tamén do belén francés, do filipino, de Terra Santa, de Mozambique (con figuras de madeira de ébano), Bangladesh, etc.

**Lugar:** Rúa de San Caetano, s/n. (Sala de exposicións, a carón da igrexa)

**Abre:** todos os días, 10 a 13 e 17 a 18 h. (os domingos pode variar)

### **BELÉN FAMILIAR DE MALLOU – 5 dec a 9 xan**

Belén de 30 m2 e máis de 1.500 pezas, que esta familia exhibe desde hai máis de 50 anos no local anexo á súa casa de Mallou e que gañou premios varios anos. Con elementos mecanizados, non lle falta detalle, e ata medran as verduras na horta!

**Lugar:** Rúa de Mallou, 24

**Abre:** luns a sábado, de 17 a 20.30 h. Domingos e festivos, de 11 a 14 e 17 a 20.30 h.

### **BELÉN DA CATEDRAL NA IGREXA DE SANTA MARÍA DO CAMIÑO - 14 dec a 9 xan**

Belén realizado en estilo napolitano (50m2, 500 figuras realizadas de maneira artesanal, e moitas delas con automatismos).

**Lugar:** Igrexa Santa María do Camiño

**Abre:** de 11 a 14 e de 16 a 21 h. Os días 24-25 e 31 decembro e xaneiro, só en horario de mañá.

### **CAFÉ CASINO – ata o 6 de xaneiro**

Belén realizado por Javier Varela, con réplicas de edificios de Compostela. Ademais, exposición de pezas de cerámica antigas (algunha ronda os 100 anos) do Neno Xesús.

**Lugar:** Rúa do Vilar, 35

**Abre:** mesmo horario que a cafetería

Turismo de Santiago non se responsabiliza das variacións ás que poidan estar suxeitos datas e horarios.  
Turismo de Santiago no se responsabiliza de las variaciones a las que puedan estar sujetos fechas y horarios.  
Turismo de Santiago is not responsible for any changes to dates or timetables.